



Expediente IET: P-21-551
Proxecto: Parque eólico As Encrobas
Concello: Cerceda, Carral e Ordes (A Coruña)
Promotor: Naturgy Renovables, SLU

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 02/08/2021 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de Parque eólico As Encrobas.

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico As Encrobas, de 20 MW, composto por 4 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, unha torre meteorolóxica e centro de seccionamento). Os aeroxeradores terán 5 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 131 metros, e 138 metros de diámetro de rotor. A torre anemométrica acadará 131 metros de altura. A subestación é compartida con outros parques e localízase na central térmica de Meirama. Parte dos camiños de acceso e servizo serán reutilizados, 1,8 km aproximadamente, e se prevé a execución de 3,5 km de novos viais.



O estudo de impacto ambiental (EslA) inclúe un EIIP como documento anexo, no que se fai unha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia. Neste analízase a calidade e a fragilidade visual, descríbense as características básicas do proxecto, calcúlanse as bacías visuais dos aeroxeradores nun radio de 5 km e se indican as afeccións a elementos do patrimonio cultural ou rutas de sendeirismo. Complétase este estudo cunha serie de infograñas que simulan a visibilidade dos aeroxeradores dende diferentes localizacións. Por último, identifícanse e valóranse os impactos, descríbense as medidas de integración paisaxística propostas para minimizalos e xustifícase o cumprimento dos obxectivos de calidade paisaxística e as directrices de paisaxe.

A maiores o EslA inclúe un anexo específico (anexo 7) no que se estudan os efectos sinérxicos dende diferentes variables, sendo unha delas a paisaxe. Este estudo considera un radio de 20 Km e os aeroxeradores existentes e en tramitación, obviando os parques de nova solicitude.

3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, del 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar no que se proxecta a actuación localízase principalmente na grande área paisaxística Golfo Ártabro, na comarca paisaxística Golfo Ártabro Interior. Parte da plataforma do aeroxerador EN-3, o centro de seccionamento e a subestación sitúanse na grande área paisaxística Galicia Central, na comarca paisaxística Terra de Ordes.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, distando o aeroxerador EN-1 da AEIP-10-09 Monte do Xalo uns 2,5 km. Nun radio aproximado de 4 Km atópanse o miradoiro sobre a Mina en Meirama e o miradoiro do Monte Xalo. Respecto aos sendeiros e camiños destaca a presenza da ruta xacobeá do Camiño Inglés e os PR-G 101 Mariñán Costa da Égoa e PR-G 130 Meirama-Xalo-Meirama. No val do Barcia, localizado ao leste da zona onde se situará o proxecto, destaca a presenza de catro lugares de especial interese paisaxístico (LEIP), tres dos cales fan referencia aos pazos de Ribeira, Cadeas e Vilasuso e outro ao conxunto de Santo Estevo de Paleo. Ademais, segundo o Catálogo das paisaxes as infraestruturas do proxecto encádranse nunha zona de alta visibilidade estratéxica.

O proxecto localízase na contorna das instalacións ligadas á explotación mineira e á central térmica de Meirama, así coma a planta de tratamento de residuos de SOGAMA. Os aeroxeradores constrúense nos montes de Freán e Arca Aberta que enlazan cara ao norte co Monte Xalo, acadando altitudes considerables polo que a zona, tal e como se indicou no parágrafo anterior, ten unha alta exposición visual. Cara ao oeste a paisaxe destaca pola forte presenza de áreas de actividade industrial e de áreas sometidas a procesos de restauración ambiental, estando esta últimas destinadas a pradeiras e cultivos que se alternan con matogueiras e masas de especies arbóreas como eucaliptos, piñeiros e caducifolias autóctonas. Por último destaca a presenza do lago artificial das Encrobas, resultado da restauración ambiental da antiga da mina a ceo aberto. Pola contra, cara o leste, o val do Barcia destaca pola consecución de pequenos núcleos rurais e un mosaico agrícola onde destaca o bosque de ribeira do río Barcés.

As liñas de alta tensión son moi abundantes. O núcleo urbano máis próximo é o de Carral, localizado a uns 3,5 km ao nordés. A estrada N-550 é a principal vía de comunicación afectada pola presenza deste novo parque eólico.

4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:





O EIIP é completo, axústase ao Regulamento da Lei 7/2008 e as medidas de integración paisaxística son suficientes.

O proxecto provocará un impacto visual vinculado á presenza dos aeroxeradores, distribuídos nunha zona elevada que constitúe unha cumieira. Con todo, a paisaxe circundante, especialmente cara ao oeste, ten un marcado carácter industrial, en terreos alterados polas actividades extractivas e enerxéticas e ocupados actualmente por matogueiras ou especies forestais de repoboación. Debido a previsión indicada no Rexistro Eólico de Galicia, no caso de chegar a construírse todos os parques, suporía un efecto sinérxico de forte impacto, xa que na contorna dos 5 Km existirían, ben en tramitación ou ben coma nova solicitude, numerosos aeroxeradores. Na actualidade, só atopamos un pequeno parque de dous aeroxeradores de 74 metros de altura (PES Cerceda). Outros impactos paisaxísticos produciranse en relación ás labores de apertura de camiños e as obras de instalación dos aeroxeradores, que afectarán sobre todo á cobertura natural.

Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cómpre indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, pero si nunha zona de alta exposición visual do antedito Catálogo.

5. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido se axusta ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Con todo deberán terse en conta as seguintes indicacións:

- O centro de seccionamento proxectado presenta uns acabamentos que reproducen a arquitectura tradicional. Debido ao tipo de edificación que constitúe, é dicir, instalación de infraestrutura eléctrica e en relación á directriz DX.17.c.4, considérase máis axeitado empregar técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen a maior integración cromática e textural posible. Polo tanto, os materiais empregados deberán presentar acabamentos que transmitan unha imaxe de calidade. En calquera caso evitárase o emprego de materiais que afecten negativamente á paisaxe pola súa cor, brillo ou similares. Non se deben empregar fábricas de ladrillo ou bloque de formigón sen revestir.

Segundo a información dispoñible a parcela onde se proxecta o centro de seccionamento semella que está adicada a plantación de repoboación. Valorárase o mantemento de parte do arboredo para axudar a mitigar a súa intrusión visual.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

(Documento asinado electronicamente)

